

# Acta Reunión Extraordinaria - Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 1 de abril de 2022

Hora: 12:00 h. (2ª convocatoria)

Lugar: TEAMS

## Asistentes

Cabaleiro Domínguez Jose Carlos

González Álvarez Julia

Mucientes Molina Manuel

Palacios Oubiña M Carmen

Pardo López Xosé Manuel

Pichel Campos Juan Carlos

Rodríguez Figueiras Oscar

**Xustifican a súa ausencia:** Losada Carril David Enrique, Mosquera Corral Anuska, Omil Prieto Francisco

## 1. Aprobación de actas das reunións anteriores.

A Directora indica que hai dúas actas pendentes de aprobación, das reunións ordinaria de 29/10/2021 e da extraordinaria de 18/11/2021. As actas foron enviadas coa convocatoria. Sen comentarios por parte da Comisión, apróbanse estas actas por asentimento.

## 2. Informes

A Directora informa que a proposta da ETSE enviada para a convocatoria de Boas Prácticas Docentes da USC de 2021 foi recoñecida, polo que se conseguen 1000€ para o orzamento da Escola. Houbo cambio na Coordinación do Máster en Computación de Altas Prestacións: A Directora agradece ao Prof. José Cabaleiro todo o traballo desenvolvido no Máster, e da a benvida ao Prof. Pablo Quesada como novo coordinador. Tamén informa que foron enviadas as enquisas de carga de traballo e de competencias dos Graos en Enx. Química e Informática, e no Dobre Grao. Os coordinadores xa teñen os resultados, que deben comunicar ás respectivas Comisións Académicas.

A Directora comenta que foran feitas dende a Comisión unha serie de preguntas/solicitudes sobre a matrícula referentes aos Másters, e que xa se recibiu a resposta do SXOPRA. A resposta é detallada e extensa, e será remitida para análise, pero resumindo:

- 1) Permitir que o alumnado solicite praza, aínda que non teña o título de Graduado/Licenciado correspondente nese momento, sempre e cando confirme que disporá do título no momento da matrícula. Isto se fai xa para o estudiantado da USC pendente de defensa do TFG, pero non para estudantes doutras universidades. O SXOPRA responde que é imposible comprobar todas as solicitudes recibidas en tempo.
- 2) Coñecer o calendario de matrícula con antelación suficiente (a principios de ano como moi tarde) para facilitar a planificación dos estudantes. A resposta é que para iso sería preciso saber con mais antelación os calendarios da USC, o das probas ABAU, e ademais o curso pasado decidiuse facer un calendario único para as 3 Universidades do SUG. Sen eses datos, non se pode facer.
- 3) Adiantar o calendario de matrícula para que o alumnado estranxeiro poida realizar os trámites necesarios (visados, etc) e se incorpore ao máster ao inicio do mesmo. A resposta é que existen uns prazos e número de prazas para ese grupo do alumnado, con tempo para todos os prazos.

O Prof. MMM comenta que é unha resposta moi burocrática, e o punto 1 se pode resolver no propio decreto de ensinanza universitarias.

### **3. Criterios premios Leonardo mellores expediente e mellores TFG/TFM.**

A Directora explica que neste momento todos os Másters teñen un premio ao mellor expediente e outro ao mellor TFM. Para cada Grao, son 3 premios en cada modalidade. Se ollamos ao número de alumnos/as, os Másters en Enxeñaría Ambiental e Enxeñaría Química e Bioprocesos teñen 21 alumnos/as cada un, Big Data 10 e Computación de Altas Prestacións 2. Revisouse nas actas os criterios de asignación de número de premios, e non aparece. Se cre que foi porque o Máster en Enxeñaría Ambiental tiña antes á volta de 30 alumnos/as, e o resto menos. En Grao, o alumnado de novo ingreso é semellante. Pero sería mellor establecer un criterio, que pode ser en base ao alumnado egresado, e que pode ser diferente para cada título. Por exemplo: En Másters 1 por cada 20 alumnos/as ou fracción: A Xunta de Galicia esixe 20 alumnos/as para a estabilidade dos Másters, e así habería un premio se hai ata 20 alumnos/as, e 2 se se supera ese número.

O Prof. JCPC suxire que debe haber unha restrición en base ao expediente, esixir un mínimo: unha nota de 8 ou así. Pero debe haber unha nota mínima para ter un premio. Suxire 8 para expediente e 9 para TFM.

A Directora comenta que en Grao se entregan 3 premios de cada modalidade, pero no GrEI o ano pasado houbo 71 egresados, e no GrEQ 43. Pódese establecer unha referencia de un premio por cada 30 alumnos/as ou fracción, cun límite de 3 premios, e nota mínima de 8 en expediente e 9 en TFG. Neste curso o número de premios ficaría como está, pero a proposta da comisión se levará á Xunta de Escola e o que se aprobe se aplicará no próximo curso.

### **4. Memoria de centro 2022: Accións de mellora e obxectivos de calidade para o curso 2021-22.**

A Directora explica que ao faltar varios coordinadores/as de título fará ela un resumo. Xa se enviou un documento coa convocatoria coa información completa. Comparte o documento en pantalla e fai a análise de títulos de Grao e Máster, e do Centro. Son 41 accións de mellora, agrupados entre 14 obxectivos de calidade. Eses obxectivos enlazan co Plan Estratéxico da ETSE. No documento enviado só aparecen 13 obxectivos: o número 14 xurdiu despois: Aumentar o grao de satisfacción do alumnado de mobilidade entrante, a consecuencia da queixa dun alumno de intercambio por falta de apoio. Decidiuse que o responsable de mobilidade do centro se reúna cos alumnos entrantes e cos alumnos titores, para que lles mostren o Campus e outros aspectos xerais da ETSE e a USC (Departamento, residencias, área de Deportes, etc). Corresponde coa acción de mellora AM-ETSE-6.

Sen comentarios dos membros da Comisión, se aproba a memoria por asentimento.

A Directora comenta os seguintes pasos: ata 13/05/2022 hai que enviar á Área de calidade a memoria finalizada e aprobada pola Comisión. Falta para iso a análise de Directrices (2 a 5). Ata 2/05 deben elaborarse os comentarios ás Directrices 2 a 5 por parte dos títulos (a directriz 1 é do Centro). Farase unha nova reunión en torno ao 13/05, venres, para aprobar a memoria de Centro. Toda a información necesaria xa está subida á aplicación de calidade para cada título.

### **5. Organización das enquisas do Plan Executivo de Calidade.**

Este punto se incluíu a pedido do Prof. Francisco Omil, que pedira unha enquisa de egresados. A Directora resume as enquisas na ETSE: a) Nova incorporación (todos excepto o Máster en Computación de Altas Prestacións, MCAP); b) de competencias, que é bianual; c) de inserción laboral, que se fai a pedido dos títulos, nos dous graos e Másters en Enxeñaría Ambiental (MEnA) e en Enxeñaría Química e Bioprocesos (MEQB). Ata agora tiñamos 2 graos (e un dobre grao) e 5 Másters. No novo curso teremos 3 graos e 6 Másters, e hai outros 3 Másters mais en proceso de elaboración da memoria de título. A carga de traballo das enquisas é enorme, e distribuída ao longo do curso. Plantéxase a necesidade de repartir o traballo entre os membros da Equipa de Dirección e Coordinadores de Másters, sendo que as enquisas de graos sexan responsabilidade da Dirección, e as dos Másters, dos seus Coordinadores (son menos enquisas, e con menos alumnado). A Directora indoca que no Máster en Visión por computador xa é o coordinador, Prof. Xosé Manuel Pardo, quen se encarga das enquisas do Máster (nova incorporación e carga de traballo). Estas enquisas se fan dende a plataforma de E-encuesta, pero o obxectivo é pasar a usar a aplicación corporativa MS Forms.

O Prof. MMM pregunta se se pode contratar a alguén que trate das enquisas, e comenta que nos Másters proporcionan pouca información que non se saiba xa. O Prof. XMPL indica que a aplicación Forms da USC non serve no caso de Másters interuniversitarios, pero que nas enquisas se pode preguntar o que se queira, para obter outra información, coma onde se obtivo coñecemento do Máster, dificultades encontradas, etc. A Directora responde que hai que ser consciente de todo o traballo que se está a facer, e de canto vai medrar. O cambio de plataforma é por protección de datos: E-encuesta non é corporativa. Pero pasalo todo a Forms non se sabe canto traballo vai significar.

#### **6. Convocatoria mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster do SUG no curso 2021/22.**

A Directora explica que no curso pasado a USC se retirou da convocatoria. Este ano a convocatoria é equivalente, pero a USC quere presentar propostas. Tamén se quere dar un apoio particular aos Másters. Será unha axuda entregada ao Centro, e cun orzamento de 100 a 120 k€. Haberá unha axuda adicional aos Másters que se presenten á Mención de Excelencia. Se procura unha proposta inicial en torno a 20 Másters, para unha pre-selección dos 10 ou 15 mellores. Eses levarán a axuda extra. Finalmente, a USC presentará 3 Másters á Xunta de Galicia. Ao Colexio de Decanos/as pareceulle ben. No caso de Másters Interuniversitarios, son as institucións coordinadoras as que deben solicitalo. Por iso, no caso da ETSE están os Másters en Big Data e Enxeñaría Química e Bioprosos.

O Prof. MMM indica que o prazo son 2 meses para a Universidade, dende que abre a convocatoria (24/03/2022), pero falta saber o prazo que da a USC aos coordinadores para presentar a proposta. Indica que se planteará na seguinte Comisión Académica. A Directora explica que a axuda base a teremos, pero que os Másters que se presenten á convocatoria terán unha axuda extra. E que se é posible, se debería tentar.

#### **7. Titulacións singulares de Grao e Máster**

A Directora explica que a Xunta de Galicia ten establecidos requisitos de matrícula mínima en Grao e Máster (55 e 20 alumnos/as, respectivamente). Se non se atinxen os mínimos durante 3 cursos sucesivos, para poder continuar é necesario o recoñecemento de titulación singular. Os títulos da ETSE non están neste caso. Os graos superan o mínimo. Os Másters poden ter algunha dúbida, pero globalmente non. Non é preciso o recoñecemento de titulación singular. Cos Másters Interuniversitarios, non sabemos como estamos pero o SXOPRA confirmou que ningún título está nesta situación. O prazo foi ata 6/04/2022.

#### **8. Quenda aberta.**

A Directora informa que en breve sairá a convocatoria da Xunta de Galicia para infraestructuras de Centro, polo que é previsible que nun prazo curto (en torno a unha semana) se teña que preparar a documentación da solicitude. É recomendable preparar un informe de necesidades.

O Prof. XMPL pregunta cal é a idea inicial, pensando nun coste entre dous e tres mil euros pero que se pode reducir. Serían prácticas para o Máster en Visión por Computador pero que se poden usar noutras titulacións.

A Directora comenta que se prepararían dúas propostas, unha por cada área (Enxeñaría Química e Informática). Hai que procurar algo integrador que sexa utilizable en prácticas de varios títulos.. Coas propostas que haxa se seleccionarán as que se poida en función do importe, e incluso se pode abordar parte do importe dende o Centro para conseguilo todo. Xa se falou con Anuska Mosquera e Francisco Omil como coordinadores do Grao en Enxeñaría Química e o Máster en Enxeñaría Ambiental para pensar nunha proposta da área de Enx. Química.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 13:30 h.